

3.3.9.- A achega do concello representará, como mínimo, o 40% do custo do animador.

En ningún caso, a Deputación aboará cantidade ningunha ós animadores culturais de forma directa, xa que tódolos pagos se realizarán ós concellos contratantes.

A participación neste programa non suporá relación contractual ningunha entre a Deputación e os animadores culturais.

Aqueles concellos incluídos neste mesmo programa no exercicio de 2006 poderán renovar o contrato que teñan co seu animador cultural, de xeito que o contrato incluído no programa de 2007 entre en vigor ó día seguinte ó que remate o contrato incluído no programa anterior.

3.4.- Os importes máximos das subvencións son os seguintes:

\* Subvencións para actividades culturais e para infraestructura e equipamento cultural: 43.000 euros en total, polos dous programas.

\* Subvencións para conservatorios e escolas de música:

Conservatorios: 20.000 euros.

Escolas: 10.000 euros.

\* Subvencións para animadores culturais: 6.500 euros.

A contía das subvencións para actividades, infraestructura e equipamento, conservatorios e escolas de música poderá acadar o 100% do presuposto de gastos; no caso das subvencións para animadores culturais, o concello asumirá, como mínimo, o 40% do custo total do animador.

#### 4.- Documentación.

As solicitudes deberán formularse no modelo normalizado que se facilitarán no Rexistro Xeral da Deputación, na Sección de Cultura e Deportes e na páxina [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

No caso das mancomunidades de municipios, as solicitudes presentaranse nunha petición única cursada polo seu representante legal, ou ben pola persoa designada para este efecto como representante dela.

Achegarase a seguinte documentación:

A.- Certificación do acordo de solicitude das subvencións.

B.- Declaración de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

C.- Autorización para que a Deputación poda obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagos das subvencións; no caso de non dar esta autorización, o concello deberá presentar as acreditacións xunto coa documentación xustificativa para o cobro.

D.- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración de Deputación da Coruña en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades ou inversións.

Para os programas de subvencións para actividades culturais e infraestructura e equipamento cultural:

E.- Memoria explicativa da actividade ou investimento que se vai realizar, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda e ó calendario fixado.

F.- Importe da subvención solicitada e declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

No caso de realización de actividades:

G.- Presuposto estimativo dos gastos.

No caso de realización de obras ou investimentos:

H.- Memoria estimada ou proxecto de técnico competente.

I.- Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas ós efectos de cumprimento da legalidade urbanística, e o respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e o medio ambiente.

K.- Acreditación da titularidade do ben para o que se solicita a subvención.

Para o programa de subvencións para conservatorios e escolas de música:

L.- Presuposto do Conservatorio ou Escola para o ano 2007, no que deberá constar o importe da achega municipal.

M.- Certificación do Secretario do Conservatorio ou Escola no que consten os seguintes datos:

\* Número de alumnos/as matriculados no curso académico 2006-2007.

\* Ensinanzas que se imparten.

\* Número de profesores/as.

\* Horario semanal de funcionamento do centro.

Para o programa de subvencións para animadores culturais:

N.- Certificación da existencia no Presuposto para o Exercicio de 2007 de crédito para garantir a achega municipal, ou no seu defecto, compromiso de inclusión.

O.- Na solicitude faranse constar os seguintes datos: persoal técnico cultural co que conta o concello, programación cultural municipal, instalacións e entidades culturais e habitantes en idade escolar.

A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser subsanado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

#### 5.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación e na forma prevista no art. 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes comenará ó día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o 12 de xaneiro de 2007.

Non obstante o anterior, ó longo do exercicio presupostario poderán presentarse solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles ou excepcionais, non puideran presentarse no prazo sinalado no parágrafo anterior; esta circunstancia deberá motivarse adecuadamente, e o importe total das concesións por cada partida presupostaria non poderá superar o 10% do importe total da consignación da mesma. Estas peticións tramitaranse de acordo coas presentes bases, agás o cumprimento do prazo.

#### 6.- Resolución dos programas.

A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concurrencia competitiva, por resolución da Presidencia, a proposta motivada da comisión avaliadora e requirirá informe do Servicio de Fomento, no que conste que da información que consta no seu poder, derivase que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Deputado presidente da Comisión de cultura, educación e patrimonio histórico-artístico.